



## NOTA A COLECTIVOS DE CULTURMAR

Estimadas compañeiras e compañeiros

Onte deixounos o noso amigo Staffan Mörling.

O seu nome encerra nuns poucos caracteres un sinfin de páxinas escritas sobre a cultura e o patrimonio marítimo galego durante máis de medio século. Nada do que engadamos aquí será novo, pero é obrigado expresar neste momento o noso pesar pola perda de quen foi, á vez, fillo e pai adoptivo do que hoxe somos como movemento en defensa da nosa cultura e tradición mariñeira.

Como tamén é obrigado recoñecer o enorme labor seminal que, desde a súa simpatía, humildade, sinxeleza e saber, agromou na recuperación do patrimonio marítimo galego. Un labor que frutificou colocando a nosa cultura mariñeira á vangarda de Europa, nun lugar que nos honra como país, devolvendo aos saberes das nosas xentes do mar o seu valor único e universal.

Con Staffan Galiza deixou de estar no cabo do mundo para estar no centro do mar, as dornas deixaron de ser os barcos dos pobres para converterse nun símbolo do noso país á proa do resto da flota tradicional, e Ons deixou de ser unha illa remota e hostil para transformarse nun lugar onde descubrir a felicidade.

O fillo que atopou o seu acubillo en Beluso, erixido en capital simbólica de todo o noso litoral, foi tamén o pai que deixou as nosas rías e abras salpicadas de velas e barcos, abrindo a cultura e o saber da navegación tradicional a todo o país, e debuxando unha estampa que hoxe é carta de presentación de Galiza en Europa e no mundo.

Amigo Staffan, foi un orgullo e un privilexio contar contigo na tripulación do noso barco. De seguro, os ventos que inchan as nosasvelas sempre che serán favorables.

Ata sempre compañeiro Staffan.